

Referencia:	2026/7866J
Procedemento:	Programas de cooperación en servicios sociales
Interesado:	
Representante:	
ÁREA DE BENESTAR (2524)	

ANUNCIO

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución de Presidencia num. 2026/11981, do 6 de agosto de 2026, do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2026.

“Aprobación das adhesións ao Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico 2026 e concesión de subvencións.

Unha vez vistas as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico 2026, presentadas ata o 21 de xullo de 2026, para recibir financiamento para a contratación ou nomeamento de persoal técnico para os equipos municipais de servizos sociais.

Unha vez visto o informe técnico da Área de Benestar, do 5 de agosto de 2026, no que se dá conta da presentación dun total de trece (13) solicitudes de adhesión, todas elas correspondentes a concellos e mancomunidades da provincia, que xa tiñan unha/s contía/s asignada/s inicialmente; ademais o Concello de Verín, que tiña asignadas contías para persoal técnico do grupo A1 e do grupo A2, só solicitou subvención para un dos/as técnicos/as.

Tendo en conta o previsto na base terceira das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico 2026, publicadas con carácter definitivo no BOP núm. 121, do 30 de xuño de 2026, procedeuse ao cálculo do remanente económico xerado da entidade local que non solicitou a totalidade da asignación económica establecida, e ao seu repartimento entre as entidades locais beneficiarias, e asignáronse as contías definitivas das subvencións por profesional técnico tralo incremento dos módulos económicos iniciais con dito remanente.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.º- Aprobar a adhesión ao Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico 2026

das seguintes entidades locais, e declarar concedidas as subvencións polos importes que se indican:

	ENTIDADE LOCAL (Concello/Mancomunidade)	EXPEDIENTE ADHESIÓN	CONTÍA CONCEDIDA TÉCNICO/A A2	CONTÍA CONCEDIDA ----- TÉCNICO/A A1	CONTÍAS TOTAIS
1	Allariz	2026/11329M	18.079,31 €		18.079,31 €
2	Barbadás	2026/11222J	18.079,31 €		18.079,31 €
3	Barco de Valdeorras, O	2026/11214M	18.079,31 €	21.493,31 €	39.572,62 €
4	Carballiño, O	2026/12163B	18.079,31 €	21.493,31 €	39.572,62 €
5	Pereiro de Aguiar	2026/11217P	18.079,31 €		18.079,31 €
6	Ribadavia	2026/11211W	18.079,31 €		18.079,31 €
7	Verín	2026/12167S	18.079,31 €		18.079,31 €
8	Xínzo de Limia	2026/11230K	18.079,31 €		18.079,31 €
9	Mancomunidade O Carballiño	2026/11218D	18.079,31 €		18.079,31 €
10	Mancomunidade Terras de Celanova	2026/11212A	18.079,31 €	21.493,31 €	39.572,62 €
11	Mancomunidade IV do Ribeiro	2026/11224S	18.079,31 €		18.079,31 €
12	Mancomunidade Verín	2026/11213G	18.079,31 €		18.079,31 €
13	Mancomunidade Santa Águeda	2026/12168Q	18.079,31 €		18.079,31 €
	TOTAL				299.510,96 €

2.º- Publicar esta resolución no BOP para xeral coñecemento.

Publícase isto e advírtese que contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán formular requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso – administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.”

Ourense, na data da sinatura electrónica.

A deputada delegada de Políticas Sociais, Conciliación e Envellecemento Activo
(P.D.: Resolución 31/07/2023)

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira

Asinado electrónicamente por ANA PATRICIA
TORRES MADUREIRA
A Deputada Delegada de Políticas sociais, conciliación e
envellecemento activo. (P.D.: Resol: 2023/9863 -
31/07/2023)
06/08/2026 14:23:40